



## ACTA

<b>Expediente núm.</b>	<b>Órgano Colexiado</b>
PLN/2024/5	O Pleno

## DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

27 de xuño de 2024

**Duración:**

Desde las 13:20 hasta las 14:00

**Lugar:**

Casa Consistorial

**Presidida por:**

JOSÉ PARDO LOMBAO

**Secretario:**

Cristina Castro Fuentes

## ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33329791P	Elvira Lombao Vila	SÍ
33331257W	FERMÍN LÓPEZ GONZÁLEZ	SÍ
33817919F	JOSÉ PARDO LOMBAO	SÍ
33834799M	Jesús Fernández García	SÍ
34222169D	José Yebra Amorín	SÍ
33323696P	LUIS ALFONSO TRIGO FERNÁNDEZ	SÍ
47373684D	MIGUEL VIEITO VILLAR	SÍ
36071720S	Maria del Carmen Acacio Lopez	SÍ





33321284B	María Begoña Seco Varela	SÍ
33329706S	María José Martínez Vigo	SÍ
33327776V	Pilar Méndez Lombao	SÍ
33544829L	Tania Díaz Seijas	SÍ
33307083R	Xosé Ferreiro Fernández	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Aprobación das actas das sesións anteriores de 25 de abril de 2024 e 14 de maio de 2024

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
-----------	---

#### Resolución:

Os membros do Pleno da Corporación aproban por unanimidade as actas das sesións plenarias de 25 de abril de 2024 e de 14 de maio de 2024

#### Expediente 665/2024. Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
-----------	---

#### Resolución:

O Alcalde propón aos membros do pleno da Corporación que aproben a seguinte proposta, previamente ditaminada pola Comisión de Asuntos do pleno de 20 de xuño de 2024. Apróbase por unanimidade de todos os membros da Corporación.

”PROPOSTA DE ALCALDÍA

O día 26 de abril de 2013 o Pleno deste Concello de Outeiro de Rei aprobou a Ordenanza reguladora da taxa por concesión de nichos no cemiterio municipal.

A aprobación definitiva desta ordenanza saíu publicada no BOP de Lugo nº 147 de 28 de xuño de 2013.

No texto desta ordenanza fiscal consta expresamente:

**Artigo 2.- Feito imponible.**





*Constitúe o feito imponible a concesión, polo prazo de noventa e nove anos, dos nichos construídos polo concello no Cemiterio Municipal.*

Este artigo na actualidade produce confusión por opoñerse á normativa reguladora do patrimonio das Administracións Públicas que limita o prazo máximo das concesión demaniais a 75 anos.

Con base no anterior prpoño ao pleno deste Concello de Outeiro de Rei, previo ditame favorable da Comisión informativa de Asuntos do Plenos que aprrobe:

1º.- Modificar inicialmente o artigo 2 Feito imponible quedando do seguinte xeito:

***Artigo 2.- Feito imponible.***

*Constitúe o feito imponible a concesión, polo prazo de setenta e cinco anos, dos nichos construídos polo concello no Cemiterio Municipal.*

2º.- A modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola concesión de de nichos no cemiterio municipal será publicada no BOP de Lugo por 30 días hábiles.

3º.- De non haber alegacións, elevarase a definitivo o acordo ata entón provisional. De habelas, someterase a Pleno a súa aprobación definitiva.

En Outeiro de Rei, na data indicada na sinatura electrónica

O alcalde

D. José Pardo Lombao”

Non hai intervencións

<b>MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA PONTELLA DA ÍNSUA DO MAIORDOMO ASÍ COMO DAS RUTAS DE SENDEIRISMO AO CARÓN DO RÍO MIÑO</b>	
<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 4, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Resolución:**

**RELATIVA Á RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA PONTELLA DA ÍNSUA DO MAIORDOMO ASÍ COMO DAS RUTAS DE SENDEIRISMO AO CARÓN DO RÍO MIÑO EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Da lectura á moción o concelleiro nacionalista Xosé Ferreiro





“A chamada Pontella da Insua do Maoirdomo é unha construción que facilita o acceso á nomeada como Insua do Maiordomo dende a marxe esquerda do Miño ao seu paso pola freguesía de Taboi.

Esta ponte está conformada por unha porta de paso cun alpendre e de seguido a ponte propiamente dita, a cal componse de dous tramos con traves de carballo que pousan nun tallamar central e táboas encravadas.

Trátase dunha construción singular e cunha tipoloxía única na comarca da Terra Chá e na parte alta do río Miño, tanto pola súa tipoloxía construtiva como pola funcionalidade que posuía na cultura popular.

O interese patrimonial que representa este elemento contrasta co preocupante estado de deterioro que se pode observar na actualidade e que sitúa este ben cultural en grave risco de perda irreversible, demostrando unha vez máis o abandono que as nosas institucións fan do noso patrimonio

A construción presenta un estado de deterioro moi elevado. Esta situación empeorou nos últimos tempos de modo moi alarmante, a pesar de que xunto dela discorre un roteiro deseñado polo Concello de Outeiro de Rei, que aproveita un camiño paralelo ao río Miño, mais isto non implica que o Concello poña en valor a pontella nin trate de parar o seu deterioro. Esta situación, de non pórle remedio, apunta á súa desaparición definitiva a curto prazo o cal suporía unha perda moi significativa para o noso patrimonio cultural.

O BNG dirixiuse hai uns meses á propia Confederación Hidrográfica para preguntar sobre as accións que estaba disposta a levar a cabo para a súa conservación e posta en valor, desprendéndose da súa resposta que esta estaría disposta a colaborar nun hipotético proxecto de recuperación xunto coas administración implicadas, á propietaria do ben e a responsable da conservación do patrimonio, nomeadamente a Xunta de Galicia e o Concello de Outeiro de Rei respectivamente.

Algo semellante ocorre tamén coas rutas de sendeirismo existente ao longo deste mesmo río Miño e que, como se dixo anteriormente, tamén pasan polo carón desta pontella.

Estas rutas foron anunciadas con toda a publicidade e “propaganda” no momento da súa creación, chegando incluso a facerse con cartos públicos aplicacións para os móbiles con indicación por GPS para o seu percorrido.

Pasado moi pouco tempo dende iso, a realidade é que están completamente intransitables, non podendo pasar por elas en moitos dos seus tramos na maior parte do ano e obrigando a moitos visitantes que veñen a recorrelas a ter que dar a volta e marcharse por non ser capaces de pasar ou acceder a elas en varios lugares.

Ademais diso, existen diversos camiños públicos que, aínda sen formar parte das propias rutas, conflúen nelas e ás cales deberían dar acceso. Varios destes camiños públicos están totalmente pechados, ben sexa debido as malas condicións nas que se atopan nuns casos ou ben porque foron pechados por persoas particulares.

Sexa como sexa, impídese o acceso ás devanditas rutas a través deles. A situación na que se atopa tanto a Pontella como as Rutas resulta totalmente intolerable, pois ademais da nefasta





imaxe que se dá do Concello, está a privando o acceso a un patrimonio natural dun valor inigualable tanto á veciñanza de Outeiro como a xente de fóra que vén a visitarnos.

Resulta claro e totalmente indiscutible que a primeira obriga de manter nunhas condicións aceptables o Patrimonio Cultural e Natural recae sobre o concello de Outeiro e da Xunta de Galicia, ademais doutras Administracións que puideran estar implicadas e/ou puideran colaborar.

É por todo iso e dada a teórica boa disposición que parece ter a Confederación Hidrográfica a colaborar, polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

- O Pleno do Concello de Outeiro instar ao equipo de Goberno a que inicie con urxencia un plan de recuperación e posta en valor da chamada Pontella da Insua do Maiordomo, buscando para iso a colaboración de todas as Administracións implicadas e/ou dispostas a colaborar.

O Pleno do Concello de Outeiro instar ao equipo de Goberno a que de forma urxente proceda a limpeza e adecuación das Rutas de Sendeirismo ao longo do río Miño, facendo todos os traballos necesarios para garantir que se poidan recorrer nunha condicións óptimas.

- O Pleno do Concello de Outeiro instar ao equipo de Goberno a que garanta que se poida acceder a estas rutas de sendeirismo a través de todos os camiños públicos existentes, limpando os que sexa necesario e garantindo o acceso nos que estean pechados por persoas ou empresara particulares”.

Rematada a lectura da moción, o concelleiro nacionalista pida que se atenda igualmente a outros elementos patrimoniais. Entende que é posible que o concello non teña recursos para poder telos no estado que debería pero que debe atopar eses recursos.

O sr. alcalde di que o tema pode ser interesante pero tal e como está plantexado, non se pode aprobar.

Di que a parcela é privada e que a situación da limpeza do río e a caída das árbores é un desastre ao longo de todo o río. Di que a ponte foi abandonada pola familia.

Di tamén o sr. Alcalde que os concellos teñen que asumir moitísimos servizos, os sociais, de conciliación, escolas infantís... e di que non hai diñeiro para todo.

O concelleiro nacionalista Xosé Ferreiro considera que se pagan os impostos para que se fagan as cousas e di que os elementos patrimoniais son responsabilidade do concello e que si non hai recursos, hai que pedir recursos a outras administracións. Di tamén que existen camiños nos que non se actúa e ou ben está cheo de maleza ou ben están pechados por patriculares e non se actúa.

O Sr. Alcalde contéstalle que o BNG tamén é responsable das malas condicións da A-6 por ter apoiado a Pedro Sánchez.

Di o Sr. Alcalde que o BNG e o PP teñen diferentes programas políticos e diferentes intereses. Explica o Sr. alcalde que non considera prioritario investir na recuperación e posta en valor da Pontella da Ínsua do Maiordomo e non se vai aprobar a moción porque non a van a executar.





Sométese a votación a moción e resulta rexeitada por 4 votos a favor ( 3 BNG e 1 PSOE) e 9 en contra (PP)

**\*\*MOCIÓNS DE URXENCIA- BNG- LIMPEZA DE CRUCES E CURVAS PERIGOSAS NAS PISTAS SO CONCELLO E ESTRADAS DA DEPUTACIÓN\*\*\**

Previo ao comezo do turno de rogos e preguntas, o concelleiro nacionalista Miguel Vieito informa de que presentaron unha moción de urxencia relativa á limpeza das cunetas dos cruces e curvas perigosas nas pistas do concello e estradas da Deputación.

Se trata da moción de urxencia relativa á limpeza das cunetas dos cruces e curvas perigosas porque considera que se trata de algo urxente e necesario pois hai pouco houbo un accidente. Na moción se trata a necesidade da limpeza de cruces e curvas perigosas, a instar a Deputación a limpeza dos cruces e curvas perigosas en vías da súa titularidade e que estes traballos se repitan no tempo.

se somete a votación a urxencia da moción resultando rexeitada por 9 votos en contra do PP e 4 a favor (3 do BNG e 1 do PSOE).

**\*\*PREGUNTAS\*\***

**PREGUNTA BNG RELATIVA A RECUPERACIÓN BENS PATRIMONIAIS DO CENTRO DA VILA DE OUTEIRO**

Dase lectura á pregunta presentada polo BNG relativa á recuperación de bens patrimoniais do centro da Vila de Outeiro.

*Durante o ano 2022, e co gallo das obras do Centro de Día no Centro da vila de Outeiro, produciuse o derrubamento dunha porta de orixe medieval; única no noso Concello e unha peza de extraordinario valor patrimonial.*

*Xa en maio dese mesmo ano, este Grupo Municipal preguntaba polos permisos pertinentes (de Patrimonio e técnicos). Así mesmo, inqueríamos se existira información ou participación de técnicos especializados en patrimonio nos pasos previos ou durante o propio derrubamento.*

*Preguntábase tamén cando se devolvería a porta ao seu lugar, restaurando e rehabilitando a súa integración no patrimonio da nosa Localidade.*

*A resposta da Alcaldía foi referir á memoria da reforma, a informes técnicos, e a autorizacións de Patrimonio que nunca foron exhibidos e unicamente foron mencionados. Indicouse, así mesmo, que existía “un proxecto que está en execución que prevé a súa reconstrución” (como consta na acta co Pleno de maio de 2022). Dese suposto proxecto tampouco tivemos noticia nin traslado.*





*O certo é que, a data de xuño de 2024 e, por tanto, máis de dous anos despois dese derrubamento, descoñecemos non só o paradoiro da porta, senón tamén os plans e cronograma da súa restauración no patrimonio da vila.*

*Por outro lado, acontece tamén que a fonte anteriormente sita no centro da vila, diante*

*da casa do Concello, tamén foi retirada e, supostamente, almacenada en dependencias municipais sen que se teña reintegrado após das obras en lugar ningún que fose axeitado para a súa recuperación para a cidadanía.*

*Por todo o exposto con anterioridade, dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei facemos ante ao Pleno as seguintes preguntas:*

**PREGUNTAS:**

*- Onde e con que supervisión e conservación axeitadas ao seu valor patrimonial, estiveron almacenadas tanto a porta medieval durante estes máis de dous anos e a fonte do centro da vila dende que foi removida do seu lugar orixinal?*

*- Cando se vai reintegrar a porta medieval no seu lugar orixinal e/ou algún outro lugar axeitado e que a recupere para a vila de Outeiro de Rei?*

*- Cando se vai reintegrar a fonte, anteriormente sita diante da Casa do Concello, nun lugar axeitado e que a recupere para a vila de Outeiro de Rei?*

O Sr. alcalde contéstalle que esa porta non ten ningún tipo de catalogación. Di que o proxecto xa recolle a recolocación e todo iso.

Di o Sr. alcalde que non existe obriga de conservar senón iniciativa de conservar.

Respecto a pregunta de cando se vai a reintegrar a porta, di que no seu lugar orixinal, cando se fagan as obras do Centro de Día.

Respecto da pregunta da fonte, di o Sr. Alcalde que a fonte non ten ningún valor patrimonial e se remodelou a praza, a decidiu retirarse.

**PREGUNTA PSOE RELATIVA A GAS RADON**

Dase lectura á pregunta do grupo socialista, relativa ao gas radon:

*Un estudo publicado en 2023 polo Laboratorio de Radon de Galicia, feito en 6.080 vivendas da nosa comunidade, revelou que o 70% do territorio galego está*

*afectado por un exceso de gas radon e o 18% dos fogares supera os límites recomendados pola OMS. En Outeiro de Rei superáronse os 300 bequerelios por*





*metro cúbico de nivel de gas radon, aínda que se recomenda polos expertos que non se superen os 200. Por todo isto e polo preocupante que semellan as consecuencias de acumular gas radon nas nosas vivendas, desde o Grupo Socialista de Outeiro de Rei presentamos as seguintes PREGUNTAS:*

*1- Ten pensado o actual equipo de Goberno facer algunha actuación para informar aos veciños e veciñas do noso Concello sobre o problema do radon en Galicia e, polo tanto, en Outeiro de Rei?*

*2- Asemade, ten coñecemento do gasto que supón para unha familia media o feito de ter que adaptar a súa vivenda para liberar o gas radon acumulado?*

Contéstalle o Sr. Alcalde que medirá os edificios públicos e que nas casas privadas considera que os particulares xa están informados.

### **PREGUNTA BNG RELATIVA AOS INGRESOS DO CONCELLO POR OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA NO POLÍGONO INDUSTRIAL**

Dase lectura á pregunta do BNG relativa a ocupación da vía pública no Polígono Industrial

*As infraestruturas públicas son feitas co esforzo de toda a cidadanía e estas están destinadas o ben común dela.*

*O seu uso sempre é destinado eses ben común, non debendo aproveitarse delas ningunha persoa física ou xurídica para un lucro persoal.*

*É por iso, que dende o Grupo Municipal do BNG facemos ante o Pleno a seguinte pregunta:*

**PREGUNTA:**

*- Canto leva ingresado o concello nos últimos anos polo uso das vías públicas para actividades particulares no Polígono Industrial de Outeiro de Rei?*

Lle contesta o Sr. Alcalde que non hai nada ingresado pois non hai Ordenanza Fiscal aprobada.

Di que se trata de axudar a algunha empresa cando se quere colocar sen molestar nalgún espazo público como a rúa dun polígono

1

### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

### **C) ROGOS E PREGUNTAS**







Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

